

## Unha oportunidade para recuperar hábitats e especies

ACTIVIDADE DE DIVULGACIÓN

VENRES 27 DE SETEMBRO

### **Solpor de curuxas**

Esta actividade de divulgación consta de tres partes. No local da asociación Fillos de Ois terá lugar a charla na que o Dr. Álvaro Rodríguez Pomares vai explicarnos distintos aspectos das rapaces nocturnas galegas. A continuación, o Dr. Augusto de Castro amosará o xeito de estudar a súa alimentación, analizando en directo as egagrópilas que temos recollido nun niño de curuxas, de maneira que poderemos manipulalas e coñecer as especies de micromamíferos que habitan na zona. Así constatarémo-la relevancia destas aves no control dos roedores que afectan ás colleitas da zona. Previamente, durante o desprazamento a Ois, pararemos polo camiño para dar a coñecer brevemente a Reserva de Anfibios do Catorce.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 19:00 horas para compartir vehículos. Pensamos remata-la actividade ás 21:00 horas.

A visita á reserva non resulta dificultosa, pero é conveniente vestir calzado robusto (botas de auga ou de montaña), no caso de que o tempo sexa húmido.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os participantes, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, concello de residencia, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.

A Deputación da Coruña financiará nun 80 % os seguros desta actividade.